



### ANEXO III PROXECTO DE EDUCACIÓN EMPRENDEDORA DEPOEMPRENDE NA ESCOLA 2017-2018

“DepoEmprende na escola” 2017-2018 é un programa educativo dirixido ao alumnado de educación primaria (5.º ou 6.º curso) e de educación especial, co que durante o curso escolar crearán e xestionarán unha cooperativa na que fabricarán produtos que venderán unha vez ao ano, nun mercado ou feira da súa localidade.

Este proxecto favorece o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do contorno físico, a creación, a convivencia e a cidadanía ou a alfabetización dixital.

Propón unha metodoloxía coa que o alumnado é o protagonista e centro da súa propia aprendizaxe e baséase nun traballo desde a práctica onde a aprendizaxe é activa, cooperativa e significativa. Para iso, a relación entre o centro educativo e os feitos do seu contorno máis próximo están presentes diariamente.

Para poder levar a cabo este programa educativo en cada centro realizaranse accións formativas para o profesorado, que terán o recoñecemento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que, ademais, incorporará este proxecto de formación ao Plan Eduemprende e desenvolverá as seguintes actuacións:

- a) Convocatoria dos cursos recollidos no programa de formación
- b) Colaboración no desenvolvemento do programa, na selección das persoas participantes, no seguimento das actuacións e na súa difusión e transmisión a todos os centros de Galicia
- c) Recoñecemento, certificación e rexistro dos cursos propostos a través do Centro de Formación e Recursos de Pontevedra
- d) Creación dun apartado específico no enderezo web [www.edu.xunta.es/fp/eduemprende](http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende), no que se recollerá toda a información xerada neste programa

#### METODOLOXÍA

Impartirase un curso presencial de 20 horas de duración como máximo, en sesións consecutivas dun mínimo de 4 horas por sesión ao profesorado encargado de levar a cabo este proxecto.



## Accións formativas para o profesorado

Tamén se realizarán:

- **Tutorías presenciais:** realizaranse entre dúas e tres ao longo de cada curso para completar o desenvolvemento do proxecto
- **Tutorías en liña:** con independencia das anteriores, daráselle soporte ao profesorado por teléfono, correo electrónico ou videoconferencia, durante cada curso
- **Asesoramento** para a organización dos mercados de venda dos produtos das cooperativas escolares
- **Reunións de seguimento:** estableceranse con carácter específico para a supervisión e coordinación do programa
- **Avaliación** do funcionamento, ao finalizar o curso, coas formadoras e formadores e o equipo coordinador

## Recursos didácticos

Ao profesorado facilitaráselle unha **guía didáctica** con propostas metodolóxicas, recursos, actividades complementarias e suxestións que permiten profundar en determinados contidos.

O alumnado disporá dun **libro de traballo**, co que pode poñer en práctica de maneira progresiva o aprendido na aula e que desenvolve, fundamentalmente, cuestións prácticas da creación, organización e xestión da empresa, a través de actividades que lle permiten ao alumnado traballar tanto de maneira autónoma como en grupo.

## Portal educativo

Porase en marcha un portal educativo (páxina web) que servirá de referencia para a comunidade escolar.

O seu obxectivo é ofrecerlles información actualizada ao profesorado, ás propias cooperativas e a calquera persoa interesada no proxecto.



Nel porase a disposición dos centros participantes unha serie completa de documentos de apoio que reforzan os contidos dos materiais didácticos utilizados na aula.

Ademais, a páxina enriquecerase coas achegas das distintas cooperativas e do profesorado e facilitará en gran medida o traballo de coordinación.

## **OBXECTIVOS**

### **Obxectivo xeral**

Promover a adquisición da competencia emprendedora por parte do alumnado de educación primaria, a través da creación dunha cooperativa escolar nas aulas.

### **Obxectivos específicos**

- Desenvolver a capacidade de formar unha imaxe axustada de si mesma ou mesmo, das súas características e das súas posibilidades en relación co contorno socioprofesional
- Desenvolver a capacidade creativa, o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor na elaboración e desenvolvemento de estratexias persoais de formación
- Desenvolver a capacidade para tomar decisións responsables
- Desenvolver unha actitude de indagación e curiosidade polas características e demandas do seu entorno socioeconómico
- Desenvolver a habilidade de obter, seleccionar e interpretar información

### **Adquisición de competencias polo alumnado**

A materia desenvólvese de forma transversal nas diferentes áreas de coñecemento e facilita a adquisición das seguintes competencias:

1. Iniciativa e espírito emprendedor
2. Aprender a aprender
3. Competencias sociais e cívicas



4. Competencia lingüística
5. Competencia matemática e científica
6. Conciencia e expresións culturais
7. Competencia dixital

## CONTIDOS DO PROGRAMA

Os contidos xiran en torno ao proceso de creación, xestión e administración dunha cooperativa educativa na aula.

1. Nace unha persoa emprendedora
2. Nace unha empresa
3. Lanzámonos!
4. Esta empresa vale moito
5. Coa cabeza e as mans
6. A venda e os resultados

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para asegurar unha boa implantación do proxecto cómpre avaliar tanto o proceso coma os resultados.

O proxecto desenvólvese en cinco etapas:

- Etapa 1. En equipo traballamos mellor
- Etapa 2. Organizamos a nosa cooperativa
- Etapa 3. Sobre a nosa actividade empresarial
- Etapa 4. Saímos ao mercado
- Etapa 5. Resultados e reflexións

### **Etapa 1. En equipo traballamos mellor**

A primeira das accións é a presentación do proxecto ao centro educativo e ás familias. O seu coñecemento permitirá unha mellor coordinación e desenvolvemento das actividades. Unha vez que o alumnado coñeza o traballo que se vai realizar, será o momento de analizar as competencias da persoa emprendedora e os contextos nos que pode desenvolveselas. Que cousas podo facer soa ou só? Que poderíamos facer xuntos?



Os criterios de avaliación obteranse dos resultados da aprendizaxe:

- Usa unha linguaxe positiva para falar de si mesma ou mesmo
- Expressa e xustifica preferencias
- Diferencia entre feitos e opinións
- Realiza escoita activa
- Exprésase con fluidez e riqueza expresiva
- Coñece e acepta todos os compoñentes do grupo
- Respecta as obras e as opinións dos demais

### **Etapa 2. Organizamos a nosa cooperativa**

Empezamos a presentar as partes do proxecto: que é como se vai facer e quen vai prestar apoio? O primeiro paso será clarificar qué é unha empresa e que forma xurídica se vai adoptar. O grupo descobre as razóns polas que formar unha cooperativa educativa e comeza a organizarse.

Convén que o alumnado coñeza o tecido empresarial e asociativo da súa contorna e estableza relación con el: a que se dedican as empresas e asociacións? Como poderían colaborar conxuntamente?

Os criterios de avaliación obteranse dos resultados da aprendizaxe:

- Diferencia entre as ideas principais e secundarias
- Usa un vocabulario específico
- Elabora un guiión previo á presentación de argumentos
- Contribúe á conservación dos recursos e a diversidade
- Practica a negociación e a mediación

### **Etapa 3. Sobre a nosa actividade empresarial**

É o momento de concretar que produtos se fabricarán, para o que é importante coñecer os elementos da contorna e os costumes das persoas, co que se fomenta a creatividade do alumnado. Chegado o caso, haberá que lembrar aspectos importantes: a produción asumiráa integramente o alumnado; a finalidade deste proxecto non é realizar unha produción cuantiosa; ningún produto debe ser realizado por unha persoa soa, senón que varios cooperativistas participarán na súa elaboración.



Os criterios de avaliación obtéranse dos resultados da aprendizaxe:

- Define obxectivos e metas
- Selecciona e prepara materiais
- Redacta e envía correos electrónicos, manexa un procesador de texto
- Responde adecuadamente as críticas
- Usa internet como fonte de información
- Mostra atención e persevera na tarefa
- Deseña un proxecto artístico
- Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízo

#### **Etapa 4. Saímos ao mercado**

O día da venda é moito máis que unha xornada na que a cooperativa se integra no mercado local. Esta circunstancia permitirá ás e aos cooperativistas: relacionarse como cidadás e cidadáns con outras entidades e coñecer de primeira man os servizos que ofrecen; planificar as tarefas previas e posteriores ao día da venda; desenvolver habilidades de comunicación, interesarse por ofrecer un produto de calidade, etc.

Os criterios de avaliación obtéranse dos resultados da aprendizaxe:

- Usa estratexias de estimación e medida
- Revisa e corrixe os cálculos
- Usa técnicas de representación gráfica e numérica
- Ten fluidez verbal e riqueza expresiva
- Distribúe o traballo en fases, tarefas e responsabilidades
- Valora e usa de forma crítica as TIC

#### **Etapa 5. Resultados e reflexións**

Esta é a última etapa do proxecto e con ela péchanse as actividades. É o momento de retomar os estatutos, cumprir cos compromisos asumidos e presentar o traballo realizado. Que valoración se fai do aprendido? E do vivido? Que supuxo para o alumnado individualmente e como grupo? Cumpríronse as expectativas e os obxectivos marcados? En que grao?

Os criterios de avaliación obtéranse dos resultados da aprendizaxe:

- Organiza o tempo de traballo e as pausas



**XUNTA  
DE GALICIA**



**eduemprende**  
Plan de emprendemento de Galicia



**DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA**

- Ten fluidez verbal e riqueza expresiva
- É capaz de realizar unha presentación multimedia dun contido
- Identifica obstáculos e dificultades
- Realiza unha valoración realista dos resultados desde o esforzo realizado

En canto á avaliación final, enviaranse uns cuestionarios sobre a participación e satisfacción no proxecto en relación aos centros educativos participantes.